

## LISTA DE ASISTENTES

### Membros da Comisión:

Carmen García Mateo (presidenta)  
Manuel García Sánchez (secretario)  
Alberto Gil Solla  
Martín Llamas Nistal  
José Carlos López Ardao  
Cristina López Bravo

### Desculpan asistencia:

Rebeca P. Díaz Redondo  
José Ramón Fernández Bernárdez  
Roberto López Valcarce

### Outros asistentes:

Martín López Nores

Acta da sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, de vinte e un de febreiro de dous mil dezanove, reunida ás 11:00h na sala A010 (acristalada) da EE de Telecomunicación.

O Xoves **día 21 de febreiro de 2019**, ás 11:00 horas, comezou a sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida pola catedrática Carmen García Mateo, e actuando como secretario o catedrático Manuel García Sánchez

A orde do día contén os seguintes puntos:

- 1.- Informe da coordinadora
- 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores
- 3.- Elección de coordinador/a
- 4.- Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Sonia Valladares Rodríguez. Aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.
- 5.- Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento de avaliación anual dos Plan de Investigación para o curso 2018/19.
- 6.- Avaliación anual 2017/18, en segunda oportunidade, de Plans de Investigación.
- 7.- Asuntos de trámite
- 8.- Rogos e preguntas

Antes de comenzar coa orde do día decídese engadir un punto, “Punto 7.- Aprobación se procede, da lista definitiva de estudiantes admitidos para o segundo cuadrimestre do curso 2018/19”

### **Punto 1. Informe da coordinadora.**

Non hai asuntos dos que informar.

### **Punto 2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.**

Apróbase por asentimento o acta de data 13/2/2019.

### **Punto 3. Elección de coordinador/a**

A coordinadora agradece a os integrantes da CAPD e a tódolos participantes no programa a colaboración recibida todos este anos, e solicita candidatos ou candidatas para asumir a coordinación.

A única candidatura presentada e a de Manuel García Sánchez que é elixido coordinador por unanimidade.

### **Punto 4. Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Sonia Valladares Rodríguez; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.**

Recoñecese como actividade formativa no programa a presentación da comunicación “Cognitive Assessment through “Casual Video Games” and Machine Learning ” na The International Conference on Information and Communication Technologies for Ageing Well and e-Health, en Lisboa, PT, no 2015, por parte da alumna.

Apróbase a avaliación anual da alumna correspondente ó curso 2018/19.

Compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2013/14 até o actual. Tamén ten realizadas as actividades formativas obligatorias:

Actividade obligatoria	Evidencias no documento de actividades
1. Defensa do Plan de Investigación	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2013/14, tal como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.
2. Preparación dunha comunicación científica internacional	Ten cinco artigos publicados en revistas científicas internacionais, segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”
3. Envío de artigos a congresos científicos internacionais	Ten feito unha comunicacións segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”

Apróbase o informe dos directores da tese relativo á idoneidade da presentación da tese baixo a modalidade de compendio de artigos, da contribución do estudiante de doutoramento ós artigos e dos indicios de calidade dos mesmos.

Apróbase a admisión a trámite da Tese de **Sonia Valladares Rodríguez**, titulada **“Detección precoz del deterioro cognitivo mediante técnicas de gamificación, aprendizaje máquina y herramientas tic”**, dirixida polos profesores Luis Eulogio Anido Rifón e Manuel José Fernández Iglesias, baixo a modalidade de compendio de artigos de investigación.

Apróbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome	Universidade ou Institución	Proposta
1	Burgos Solás, Daniel	Universidad Internacional de la Rioja	Presidente
2	Santos Gago, Juan Manuel	Universidade de Vigo	Secretario
3	Lojo Seoane, Cristina	Universidade de Santiago	Vogal
4	Millán Caleti, José Carlos Jesús	Universidad de A Coruña	Suplente
5	Blanco Fernández, Yolanda	Universidade de Vigo	Suplente
6	Lorenzo López, Laura	Universidad de A Coruña	Suplente

**Punto 5. Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento de avaliación anual dos Plan de Investigación para o curso 2018/19.**

Apróbase o seguinte calendario:

Tarefa	Axente	Data	Hora
Sesión preparatoria	Todos	Venres, 10 Maio	10:00-14:00
Aviso de non asistencia á xornada	Estudiante	Luns, 27 Maio	
Subí-lo poster a FAITIC	Estudiante	Luns, 27 Maio	
Subí-la rúbrica a FAITIC	Director/es	Luns, 27 Maio	
Enviar a transparencia	Estudiante	Luns, 3 Xuño	
Xornada Día 1	Todos	Xoves, 6 Xuño	09:30:14:30
Xornada Día 2	Todos	Venres, 7 Xuño	09:30:14:30
Entrega das rúbricas	Comités	Luns, 17 Xuño	
Entraga das notas finais	Comités	Xoves 12 Xullo	

**Punto 6. Avaliación anual 2017/18, en segunda oportunidade, de Plans de Investigación.**

Apróbanse o Plan de Investigación (de estar pendente), a actividade formativa “Defensa do Plan de Investigación” do curso 2017-18, e a correspondente avaliación anual favorable dos alumnos Carlos Egás Acosta e Mina Namaziesfanjani.

Avalíase negativamente o Plan de Investigación do alumno João Paulo Teles Vagarinho dado que, despois de seguir o proceso de establecido no programa de doutoramento, a avaliación do da Comisión de Avaliación amosa, por segunda vez, que o Plan de Investigación non é aceptable. A comisión, ademais do recollido na rubrica da convocatoria de xuño de 2017 (anexo 1) e na rúbrica da presente convocatoria (anexo 2), traslada que:

*“Al igual que había sucedido en el ejercicio de junio de 2018, el alumno no alcanzó a motivar un tema con un potencial mínimo para hacer contribuciones de investigación a cualquier área conocida por los evaluadores, dejando la impresión final de que este trabajo difícilmente podría deparar una tesis doctoral. En realidad, el alumno parece haber ignorado en gran medida la mayoría de las recomendaciones hechas en las evaluaciones de los años anteriores.*

*La descripción de la motivación del trabajo, así como de los objetivos y su interés a corto, medio y largo plazo resultó muy pobre, planteada en términos muy vagos y con argumentos circulares.*

*En la misma línea, la presentación del plan de trabajo y los resultados adoleció de falta de rumbo, relevancia, concreción e incluso consistencia, llamando poderosamente la atención el hecho –resaltado por el alumno en su exposición– de que un ligero replanteamiento del trabajo desde la evaluación de junio de 2018 había provocado la obtención de resultados completamente distintos de los*

*presentados entonces, sin que se presentase argumentos que pudieran servir para justificar tal hecho ni para defender que los nuevos resultados fuesen, en modo alguno, más correctos o sólidos que los antiguos.*

*Tampoco hubo atisbo de avances en materia de pensamiento crítico, como evidenciaron, entre otros, el hecho de minimizar la necesidad de llevar a cabo una evaluación (al menos, preliminar) del modelo propuesto por parte de los destinatarios/beneficiarios del mismo, y la subsiguiente negación de que un artículo enviado a una revista de prestigio sin tal evaluación (amén de una justificación sólida de los principios de diseño del modelo) pudiese ser rechazado por los revisores de la misma.”*

O titor do alumno amosou a súa oposición a esta avaliación negativa. No anexo 3 recollese a súa rúbrica.

#### **Punto 7. Aprobación se procede, da lista definitiva de estudiantes admitidos para o segundo cuatrimestre do curso 2018/19**

Referéndase a aprobación feita na CAPD do 13/2/2019 xa que non houbo reclamacións.

#### **Punto 8. Asuntos de trámite**

Acórdase non tramitar a solicitude de inclusión dunha codirectora na tese de Simón Oya Díez dado o avanzado do seus estudos de doutoramento, que teñen data de finalización prevista en menos de oito meses. Requirirase o seu titor unha xustificación da necesidade da participación desta codirectora. A vista do mesmo poderase reconsiderar esta decisión.

Apróbase o plan de investigación de Martín Liz a fin de que poida presenta-la súa candidatura á convocatoria das bolsas predoutorais da Xunta de Galicia.

Apróbase o informe do desempeño de Francisco de Arriba Pérez.

Acordase recoñecer como actividade do programa de doutoramento ó alumno Saber Mhiri a redacción e envío do artigo "Fast Decision algorithms for Efficient Access Point Assignment" á revista IEEE Transactions on Network and Service Management.

#### **Punto 9. Rogos e preguntas**

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar remata a sesión.

O Secretario,

Manuel García Sánchez

VºBº  
A Presidenta,

Carmen García Mateo